

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Lista de reserva do proceso para a cobertura de prazas de policía local, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de acceso libre do Concello de Culleredo

ANUNCIO

A concelleira delegada da área de Cohesión social, Recursos humanos e Réxime interior, ditou a resolución número 1458, do 20 de agosto de 2024, que transcrita literalmente di:

“RESOLUCIÓN

POLICÍA LOCAL (OPES 2019, 2020 E 2021)

Antecedentes

No Boletín Oficial da Provincia do día 27 de xuño de 2022, BOP núm. 120, publicouse o anuncio da convocatoria e bases reguladoras para a cobertura en propiedade de cinco prazas de policía local, administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de acceso libre (4) e concurso (1) do Concello de Culleredo.

O día 10 de xuño de 2024, resolución número 1075, a concelleira delegada de Cohesión social, Recursos humanos e Réxime interior resolveu elevar a definitiva a relación de aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de catro prazas de policía local, administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de acceso libre. (BOP núm. 117 do 18 de xuño de 2024)

O día 11 de xullo de 2024, resolución número 1252, a concelleira delegada da área de Cohesión social, Recursos humanos e Réxime interior, resolveu nomear funcionario de carreira da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, grupo C1, con dereito ás retribucións que legalmente lles corresponda, a don Manuel Ernesto Pereira Picón, con DNI número ** *18 87* *.

O día 14 de agosto de 2024, resolución número 1449, a concelleira delegada da área de Cohesión social, Recursos humanos e Réxime interior, resolve declarar a don Manuel Ernesto Pereira Picón, con DNI núm. ** *18 87* *, na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público, con efectos dende o 14 de agosto de 2024, data da súa toma de posesión neste Concello.

Consideracións

O Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 19 que:

“1. El tribunal elaborará, también por orden decreciente de puntuación, una lista de reserva, en la que figurarán aquellas personas que, aunque hubiesen superado las pruebas del proceso selectivo, no resulten aprobadas por obtener una puntuación de ordinal inferior al número de plazas convocadas.

2. En el caso de renuncia, fallecimiento, falta de justificación de los requisitos para el nombramiento, incapacidad absoluta sobrevenida u otros supuestos por los que una persona aspirante aprobada no llegue a tomar posesión, y siempre con anterioridad al desarrollo del curso selectivo correspondiente, en su caso, el órgano convocante deberá sustituirla por la siguiente aprobada en el orden de puntuación de la lista de reserva.”

As bases reguladoras para a cobertura en propiedade de cinco prazas de policía local, administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local persoal funcionario de carreira, polo procedemento de acceso libre (4) e concurso (1) do Concello de Culleredo, establece na súa base 9.2 que “[...] En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoal aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia o nomeamento xa realizado, o concello substituirá a persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.”

O día 4 de abril de 2023, o tribunal cualificador segundo o establecido na base 9 deste proceso selectivo (acceso libre) propón a relación de persoas que superaron tódolos exercicios por orden decrecente de puntuación, coa correspondente listaxe de reserva, para ser nomeados como persoal funcionario en prácticas.

O día 09 de agosto de 2024, resolución núm. 1424, a concelleira delegada de Cohesión social, Recursos humanos e Réxime interior, resolve atribuír a don Francisco Javier Varela Tejedor, xefe do Gabinete técnico, as funcións do posto de xefe de Servizo de Recursos humanos, Organización e Réxime interior.

De acordo cos antecedentes e consideracións expostos,

RESOLVO:

Elevar a definitiva, segundo o disposto na Base 9.2 das bases reguladoras da convocatoria, a relación de aspirantes que figuran na listaxe de reserva por superar as probas do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de catro prazas de policía local, administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de acceso libre do Concello de Culleredo e non resultar aprobadas por obter unha puntuación ordinal inferior ao número de prazas convocadas:

1. Fontán Fontecoba, Sergio, (DNI núm. ** *05 96* *)
2. Escolante Pérez, Rocío, (DNI núm. ** *40 76* *)
3. Bravo Fernández, Miguel, (DNI núm. ** *00 71* *)
4. Presas González, Hugo, (DNI núm. ** *72 55* *)

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses."

Culleredo, 21 de agosto de 2024

Marta María Figueroa Fuentes

Concelleira delegada de Cohesión social,

Recursos humanos e Réxime interior

(P. D. Resolución núm. 1260 do 04.07.2023;

BOP núm. 131 do 11.07.2023)

2024/5936